

# puntolimpo *Móbil*

## SERVICIO GRATUÍTO DE RECOLLIDA A DOMICILIO

Con este servicio poderemos desfacer nos comodamente, sen movernos da casa, daqueles residuos que, polas súas especiais características, non son aptos para depositar nos espazos habituais de recollida:

**Mobles vellos, restos de madeira, electrodomésticos, chatarra ou metais...**


Cunha simple chamada de teléfono, e no prazo dunha semana, poderán ser convenientemente recollidos no noso portal, sen que iso nos supoña ningún custe.

PARA A SÚA RECOLLIDA CHAMAR Ó:

**Telf.: 981 704 100**



# puntolimpo



## Horario

Martes, xoves e sábados de 10 a 13 h.

## Información

Concello de Carballo  
981 704 100  
infocarballo@carballo.org  
www.carballo.org




♻️ Impreso en papel reciclado

GENDES E SÍO

# puntolimpo

CENTRO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS  
VOLUMINOSOS E PERIGOSOS



*Un sitio para cada residuo*



carballolimpo



# puntolimpo

O NOSO MUNICIPIO DISPÓN DUN ESPACIO PÚBLICO E GRATUÍTO PARA QUE OS CIDADÁNS POIDAMOS DESPRENDERNOS FACILMENTE, E DUN XEITO RESPONSABLE, DE TODA CLASE DE RESIDUOS E DEMAIS DESFEITOS DO FOGAR.

Dende o novo Punto Limpo, este lixo poderá ser eficazmente distribuído polas diferentes plantas de tratamento específico para que lle sexa aplicado o seu particular proceso de reciclaxe e evitar, así, a excesiva contaminación.

Este innovador servizo ten o cometido de:

- **Potenciar entre toda a poboación a reutilización e a reciclaxe.**
- **Aforrar recursos naturais, auga e enerxía.**
- **Facilitar o tratamento axeitado de residuos especiais.**
- **Terminar cos vertedoiros de lixo incontrolados.**
- **Evitar a contaminación e preservar o noso contorno.**



# puntolimpo

ESTE NOVO SERVIZO ENCÁRGASE DA RECEPCIÓN E ALMACENAMENTO SELECTIVO DE TODOS AQUELES RESIDUOS QUE XERA UN MUNICIPIO MODERNO, AGÁS DA MATERIA ORGÁNICA



*Preservar digno o contorno é responsabilidade de todos e todas.*

## RESIDUOS PERIGOSOS DO FOGAR

Tubos fluorescentes, lámpadas, cristais ou espellos, pinturas, disolventes e vernices, aerosois, aceite de cociña usado ou de motor, produtos limpadores, material de equipos informáticos, como cartuchos de tinta...

## ELECTRODOMÉSTICOS

Televisores, refrixeradores, frigoríficos ou aparatos de aire acondicionado con compoñentes CFC, lavadoras, termos...

## RESIDUOS VOLUMINOSOS

Mobles e trastes vellos, sofás, portas, persianas, chatarra e metais, madeira e restos de poda, pneumáticos, sanitarios e pezas de baño, cascallos de obra ou reforma...

## RECOLLIDA SELECTIVA HABITUAL

Papel e cartón, vidro, envases lixeiros e materia inerte, pilas e baterías.